



O galego campá: ferramentas e propostas para a dinamización da lingua galega na mocidade

Módulo 2: Dinámicas e rutinas habituais nos campamentos
Imparte: Felipe Díaz Valle (Caxoto)

CANTIGAS DE CAMPAMENTO EN GALEGO

VOU CAZAR UN LEÓN

Vou cazar un león,
colle-lo meirande.
Non teño medo.
Mira cantas flores!
Fermoso día!
oh, oh!, un

Non podo pasar sobre el
non podo pasar baixo el
non podo rodealo
creo que vou ter que

O TALLARÍN

Eu teño un tallarín.
Un tallarín
que se move por aquí,
que se move por alí.
Todo rebozado
cun pouco de aceite
e cun pouco de sal.
E comeralo ti.
E saes a bailar.

A SANDÍA

Era unha sandía gorda, gorda, gorda
que quería se-la máis guapa do lugar
e para o mundo conquistar
.....,, comezou a...



VACA, VACA, VACA

Vaca, vaca, vaca,
son unha vaca (bis).
Podería ser un paxaro
ou ser inanimado,
pero non...
son unha vaca.

PELOTA DE PING-PONG

Son pelota de ping-pong
e boto, boto, boto
por todo o pavillón.
Se te toco,
botas, botas, botas, botas.

CHIPI-CHIPI

Onte fun á aldea
a ver a Mari Pili
e ela aprendeume a baila-lo chipi-chipi
Baila o chipi-chipi,
baila o chipi-chipi
baila o chipi-chipi,
pero báilao ben.

EU SON UN PARRULO

Eu son parrulo lo,
ti es parrula la
e imos xuntos polo estanque
buscando peixes encarnadiños
para comelos asadiños.
Cua cua cua cua cua cua.



EU SON HÉRCULES

Eu son Hércules,
miña nai é somnámbula,
meu pai non fai nada,
pero nada de nada.
El pasa a vida enteira sentado na cadeira
acariñando o gato, tirándolle do rabo.

A CONGA

Conga, conga,
que rica a milonga,
queremos ver a bailar conga
cunha man na cabeza e
e a outra na cintura,
movendo a colíña
coma unha señorita

TODO O MUNDO NESTA FESTA

Todo o mundo nesta festa terase que divertir.
Todo aquilo que eu faga teredes que repetir.
A saltar, a saltar todo o mundo a saltar...

VIVA O FOLIÓN

Viva o foliÓN!
Viva o foliÓN!
Viva o foliÓN ben organizado,
porque con el,
porque con el,
porque con el,
porque con el
no campamento pasámolo ben!



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

galicia

Non queremos duchas que nos laven
e que nos quiten a nosa sucidade.
Tan só queremos estar todos xuntos
bailando e cantando e armando folión.

Non queremos mozos/as que nos aten
e que nos quiten a nosa liberdade.
Tan só queremos estar todos xuntos
cantando e bailando e armando folión.

TEÑO FAME ATROZ

Teño fame atroz, atroz, atroz
e comería un prato así de arroz
cunhas ameixiñas cri cri cri
e un pouco de xamón.
Cunha man, man, man
e co có-ba-do
queda bendicido todo.
A comer, a comer, a comer.

CHEIRO

Cheiro a pés, pés, pés, pés.
cheiro a pés, pés, pés, pés.
Onde estará o meu calcetín.
O meu calcetín era morado,
o meu calcetín estaba suado,
suado, suado, suado, suado.